

GUÍA DIDÁCTICA

MÉTODO TAKEDINORUM

PARA A APRENDIZAXE DA PERCUSIÓN CORPORAL

1.- QUE É:

O Método Takedinorum é unha ferramenta didáctica para a aprendizaxe da percusión corporal vocalizada. A través de 21 vídeos adquirense destrezas rítmicas y psicomotrices para traballar coa voz, as mans e os pés. Takedinorum é unha linguaxe que traballa dende o máis simple (sílabas, xestos individuais) ata o máis complexo (coreografías, conxunto estruturado de secuencias corporais)

2.- MATERIA E NIVEL:

Música.

En xeral, calquer curso de ESO e Bacharelato.

Os niveis 1 y 2 poden traballarse en 5ºe 6º de Primaria.

O Método Takedinorum pode integrarse no currículo de calquer curso de ESO y Bacharelato porque traballa aspectos curriculares básicos coma o ritmo, o pulso, a voz ou o movemento corporal.

3.- OBXECTIVOS:

- Ofertar ao profesorado e ao alumnado unha serie progresiva e secuencial de recursos en rede, para empregar na aula de forma colectiva ou no seu traballo individual en casa, co obxecto de desenvolver o método Takedinorum para a aprendizaxe da percusión corporal con voz.
 - *Esta serie de recursos concrétese nunha colección de 21 vídeos de entre 4 e 10 minutos, cos seus materiais complementarios, que poden ser empregados en diferentes niveis de aprendizaxe. Pódese facer un uso superficial e rápido de cada vídeo, nun momento da sesión lectiva, ou ben profundizar a través dos materiais complementarios e das suxerencias e propostas que se ofrecen en cada unidade.*
- Aprender os xestos básicos da percusión corporal coa súa vocalización.
- Empregar estes xestos para a interpretación de secuencias cada vez máis complexas de maneira progresiva.

- Desenvolver a psicomotricidade necesaria para coordinar a voz coas mans e cos pés.
- Desenvolver a percepción sensorial do pulso e do ritmo a través do movemento, do uso da voz e da escoita activa.
- Aprender o sistema de notación proposto para a escritura da percusión corporal.
- Usar o corpo coma un medio para achegarse a músicas de diferentes estilos.

4.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:

Anexo I.

5.- COMPETENCIAS CLAVE:

Anexo II.

6.- METODOLOXÍA:

- O Método Takedinorum fundaméntase en **5 principios metodolóxicos**:
 1. **A coordinación entre a voz e o xesto:**
 - Por un lado, a voz conduce ao corpo: cando vocalizo unha sílaba ao mesmo tempo que fago un xesto percusivo, a voz conduce ao corpo no seu movemento ata un obxectivo.
 - Por outro, a miña memoria retén ambos procesos asociados un ao outro, puidendo incluso chegar a imaxinar os xestos coas súas sílabas. O meu cerebro vai acumulando un vocabulario de secuencias corporais.
 - Pouco a pouco vou desenvolvendo a psicomotricidade xeral do corpo, potenciando a memoria mental e corporal e establecendo novas conexións entre corpo e mente.
 2. **A simplificación dos xestos corporais:**
 - Aínda que os xestos de percusión corporal son ilimitados os organizamos en 5 zonas, asociando unha vogal para cada zona.
 3. **A secuenciación e progresividade dos contidos:**
 - Os vídeos traballan desde o máis simple, a sílaba individual asociada ao seu xesto, ata o máis complexo, secuencias longas de sílabas cos seus xestos.

- Ímonos atopar 4 niveis de complexidade: sílabas, palabras, frases e coreografías.

4. **Aprendizaxe por imitación versus aprendizaxe creativo:**

- Durante o visionado do vídeo o alumno está activo imitando, para o cal utiliza a súa memoria corporal a corto prazo. Nos vídeos tipo rutina, secuencia ou coreografía, as secuencias repítese reforzando a memoria a corto prazo e por tanto a aprendizaxe.
- Nos vídeos tipo exploración aparecen numerosas secuencias, o cal impide acomodarse nunha soa fomentando así unha actitude exploradora e creadora. O profesor debería fomentar que o alumno crease novas secuencias sobre a marcha (improvisación). Cando este obxectivo se consegue é porque o alumno ten asimilado e interiorizado os movementos.

5. **Aprendizaxe individual versus aprendizaxe colectiva:**

- A aprendizaxe que sucede dentro dun grupo é diferente á aprendizaxe que sucede durante o estudo individual. A enerxía do grupo, a interacción entre os participantes, a imitación mutua entre iguais, todos eses factores incrementan o nivel de motivación do alumnado.
- Dentro dunha sesión de grupo pódense romper as dinámicas provocando que sucedan tipos de aprendizaxe diferentes: por exemplo, traballar cos ollos pechados estimula a interiorización individual. Por exemplo, cambiar ao líder ao que imitamos modifica as relacións entre os participantes, desperta a atención e estimula unha actitude moi activa cara ao aprendizaxe.

- O Método Takedinorum organízase en **5 niveis:**

1. **Nivel 1:** Secuencias corporais con 1 soa vogal (zona corporal), usando os pés só para levar o pulso, non para elaborar secuencias rítmicas.
2. **Nivel 2:** Secuencias corporais con 2 vogais (sen pés nas secuencias, só para levar o pulso).
3. **Nivel 3:** Secuencias corporais con 3 vogais (sen pés nas secuencias, só para levar o pulso).
4. **Nivel 4:** Secuencias corporais nas que interveñen os pés coma un xesto máis.
5. **Nivel 5:** Construción de coreografías, é dicir, sucesións de secuencias ben estruturadas.

7.- AVALIACIÓN:

- Avaliar contidos prácticos coma a realización de secuencias de xestos percusivos corporais plantexa varios **retos** para o profesor e para o alumno.
- O proceso de avaliación pode ser colectivo ou individual:

• 7.1.- AVALIACIÓN COLECTIVA:

- Na **avaliación colectiva** é necesaria a **observación** constante do individuo dentro do grupo e un sistema de **rúbrica** moi sinxelo, eficiente e áxil que permita ao profesor tomar alguna nota despois ou durante a sesión. É totalmente inviable e imposible que o profesor poda observar a un grupo grande de alumnos mentras imparte a súa sesión. Despois de varias sesións quizás teñamos información suficiente para unha avaliación "algo obxectiva". Aínda así non podemos olvidar que o tempo que adiquemos a avaliar por observación durante o tempo da sesión é tempo que non adicamos a realizar o proceso xunto co alumnado. E neste contexto, non é suficiente que o alumnado faga o proceso solo, temos que acompañalo para servir de modelo a imitar e para empuxalo coa nosa enerxía. A **avantaxe de poñer o vídeo** é que o profesor pode estar observando durante ese tempo.
- Aínda sabendo desta imposibilidade práctica para avaliar de modo colectivo, propoño este **modelo de rúbrica** sinxelo para que cada profesor use como punto de partida para guiar a súa observación. Neste caso trato de cuantificar a calidade da interpretación dos 3 niveis de coordinación psicomotriz (voz, mans e pés) diferenciando entre secuencias (sucesións de sílabas e xestos percusivos), ritmos (sucesións de duracións) e pulsación (entendida coma percepción corporal que se exterioriza no movemento dos pés e na fluidez da interpretación):

	MOi BEN (3)	BEN (2)	REGULAR (1,5)	MAL (0)
Vocalización das sílabas	Vocaliza con soltura tódalas sílabas	Vocaliza bastantes sílabas	Vocaliza algunhas vogais	Non é capaz de vocalizar ningunha sílaba
Xestualización	Realiza tódolos xestos percusivos con fluidez	Realiza bastantes xestos pero fáltalle fluidez	Realiza algúns xestos pero sen fluidez	Non é capaz de interpretar ningún xesto

Rítmica	É moi preciso na execución de tódolos ritmos	Executa bastantes ritmos con precisión	Executa algúns ritmos con precisión	É totalmente impreciso na execución dos ritmos
Pulsación cos pés (se procede)	Move os pés con soltura e precisión mentras executa secuencias con voz e mans	Move os pés con precisión pero fáltalle soltura	Move os pés para levalo pulso pero fáltalle soltura e precisión	Non é capaz de mover os pés para levalo pulso mentras executa secuencias con voz e mans

- A **calificación numérica** que xorde da observación trata sempre de axudar ao alumnado, sen incidir tanto nos seus defectos coma nos seus talentos e logros.
- Este sistema numérico sobre 3 (que pode ser proporcionado sobre calquera outra nota) o uso dende hai anos nas miñas sesións e permíteme obxectivizar algunhas observacións de xeito áxil e realista:
 - Non existe moito alumnado de 0 porque non sexa capaz. Mais ben porque non o intenta, o que pode ser debido a moitas razóns (falta de motivación, actitude defensiva ou reaccionaria contra o sistema...). Soen ser casos moi claros e fáciles de observar.
 - Ao alumnado que "fai algo" se lle premia co 50% da nota máxima, é dicir, o aprobado.
 - A partir de ahí están os que o fan "ben" (2) ou "moi ben" (3) nos distintos aspectos avaliados.
 - A observación durante a sesión é rápida e imprecisa. A acumulación de observacións da como resultado unha valoración numérica bastante obxectiva e que pode reflectir o progreso, ou non, dun individuo concreto.

• 7.2.- AVALIACIÓN INDIVIDUAL:

- A avaliación individual durante a sesión conleva que un individuo ten que facer a súa **interpretación diante do grupo**. É interesante en canto a reto, e así se lle pode presentar ao alumnado. Para algún alumno pode ser case insuperable o reto de enfrentarse ao grupo pero é un dos aprendizaxes que se pretenden dentro desta materia.
- É importante deixar moi claro que material pedimos para o "examen" e que criterios empregamos para valorar. Podemos entregarlle a rúbrica ao alumnado.

- Se lle pedimos parte do material traballado a través dos vídeos, pode servir o modelo de rúbrica empregado antes. Podemos valorar algún contido específico como, por exemplo, se é capaz de realizar unha síncope o un contratempo (de ser o caso).
- Unha proposta interesante é a do examen a través dunha **grabación de vídeo** fóra da aula. Ademais de fomentar o traballo fóra da aula evita esta exposición pública do individuo (aínda que, insisto, é positiva polo que ten de aprendizaxe). Na grabación poden aparecer os ritmos dos vídeos ou outros que o alumno invente, ata onde nós consideremos oportuno. Podemos neste caso rubricar o nivel de creatividade. A grabación pode ser avaliada cómodamente fóra do tempo da sesión para aproveitar o pouco tempo que nos regala o sistema para impartir a nosa especialidade.

* * *

ANEXO I: ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

2ºESO:

- MUB1.1.2. Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.
- MUB1.2.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música
- MUB1.4.1. Aмосa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.
- MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.
- MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.
- MUB1.5.2. Aмосa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
- MUB1.6.1. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.
- MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.
- MUB1.6.3. Aмосa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.
- MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.

- MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.
- MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.
- MUB3.1.2. Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.
- MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.

- **3ºESO:**

- MUB1.1.1. Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música
- MUB1.4.1. Aмосa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.
- MUB1.4.4. Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.
- MUB1.4.5. Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.
- MUB1.5.1. Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente establecidas.
- MUB1.5.2. Aмосa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
- MUB1.6.1. Practica, crea, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos, épocas históricas e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.
- MUB1.6.2. Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.
- MUB1.6.3. Aмосa apertura e respecto cara ás propostas do profesor/a e dos compañeiros/as.
- MUB1.6.4. Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.
- MUB1.6.5. Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa
- MUB2.3.1. Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.
- MUB4.1.1. Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.

- **4ºESO:**

- MUB1.1.1. Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.
- MUB1.1.2. Le partituras como apoio á interpretación.
- MUB1.1.3. Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula.

- MUB1.2.1. Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.
- MUB1.3.1. Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música.
- MUB3.1.1. Aмосa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego.
- MUB3.1.2. Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social.
- MUB3.2.1. Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais.
- MUB3.2.2. Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana.

ANEXO II: COMPETENCIAS CLAVE.

- **CCL (Competencia en comunicación lingüística):**
 - O Método Takedinorum parte do uso de sílabas rítmicas, é dicir, coa voz guiamos ao noso corpo. Este procedemento desenvolve unha conexión entre voz e corpo que terá sen dúbida o seu efecto, por exemplo, cando tratemos de falar en público, usando o corpo dunha maneira consciente para transmitir emocións e expresar contidos.
 - Ademáis, os exercicios Takedinorum funcionan en realidade como exercicios de logopedia, desenvolvendo a dicción en xeral.
- **CM (Competencia Matemática):**
 - Calquera traballo rítmico está relacionado sen dúbida coa competencia matemática xa que o ritmo non é máis que unha organización numérica do tempo. Constantemente estamos contando pulsos, compases, estruturas, xestos, divisións do tempo... A través destas dinámicas adquirimos unha visión estruturada e organizada da realidade temporal.
- **CAA (Competencia de aprender a aprender):**
 - A metodoloxía que emprego é secuencial, é dicir, estruturo cada problema en secuencias e resolvo as dificultades de aprendizaxe por orde. Non se trata só de aprender unha secuencia concreta senón de aprender a abordar os problemas psicomotrices e rítmicos que van xurdindo e resolvelos de xeito organizado e progresivo, do máis simple ao máis complexo.
- **CSC (Competencia social e cívica):**
 - A maior parte da aprendizaxe sucede no grupo traballando en círculo. O alumnado imita ao profesor ou ao profesor virtual no tutorial que se proxecta na aula. A/o alumna/o copia das/os compañeiras/os, as/os

observa, identifícase cos seus movementos e problemas psicomotrices. Trátase dunha aprendizaxe colectiva que non sucedería de xeito tan eficaz fóra do contexto social da clase.

- Durante unha sesión takedinorum cambia a relación social entre os participantes, xa que cambian os roles de cada un deles.
- **CSIEE (Sentido da iniciativa e espírito emprendedor):**
 - Entendo que a creatividade en xeral e a creatividade artística en particular fomentan a iniciativa e o espírito emprendedor, xa que calquera proxecto xurde da xeración de ideas e da súa concreción e materialización, por exemplo, en obxectos artísticos. A diferenza entre a arte pura e o mundo do emprendemento quizáis sexa que na arte pura o obxecto da creatividade é satisfacer a necesidade de expresión do individuo, sen máis, tendo como consecuencia o seu crecemento persoal, mentras que no contexto do emprendemento ao que se refire esta competencia o obxecto é, en gran medida, o progreso económico do individuo.
 - Na miña metodoloxía a improvisación musical ten un papel importante. Co material aprendido o alumno creará novos patróns rítmicos sobre a marcha, en esto consiste a improvisación, empezando por modelos moi sinxelos e con moitas pautas.
- **CCEC (Competencia da conciencia e expresións culturais):**
 - A aprendizaxe da música a través do movemento ten como consecuencia a toma de conciencia do valor da música como expresión individual e colectiva. A técnica aprendida aplícase para acompañar ou interpretar todo tipo de músicas: de distintos períodos históricos, de distintas tradicións culturais, de distintos estilos... sempre dende o respecto e o acercamiento cara ao diferente, tendo como un dos seus obxectivos abrir a mente a novas experiencias.